

# Bessie Coleman


## 1892-1926

*Ensinei a unha muller a facer servir a súa voz.  
E agora, como podo facela calar?*

*Anna Akhmátova*

Neta de escravas e escravos, Bessie Coleman foi a primeira muller negra que conseguiu unha licenza de pilotaxe de avións (1921). Con escasos recursos económicos, aforrou o que puido do seu traballo de perruqueira, buscou apoio económico na comunidade afroamericana e estudou francés para viaxar a Francia e aprender a voar xa que en EEUU ninguén quixo ensinar a unha muller negra.

Pouco antes de se estrelar aos 33 anos, tras un fallo mecánico do seu aeroplano, expresou o seu desexo de crear unha escola para que as mulleres negras puidesen aprender a voar. 50 anos máis tarde un grupo de aviadoras de cor crearon un club na súa honra, por lles ter aberto as portas do ceo.



Fotografía: Michael Ochs Archives/Getty Images

Mulleres Que Tocaron O Ceo

abril

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
						<b>1</b> 1776 Nace Sophie Germain, célebre pola súa Teoría das superficies elásticas.
<b>2</b> 1982 Comeza a funcionar en Franza a Axencia de Mulleres da Información.	<b>3</b> 1934 Nace Jane Goodall, Príncipe de Asturias de Investigación Científica e Técnica.	<b>4</b> 1785 Nace Bettina Brentano, escritora alemá.	<b>5</b> Dous millóns de nenos e mozas son vítimas cada ano de mutilación xenital.	<b>6</b> 1895 Nace Maria Miramontes, integrante da Xunta Directiva das Irmandades da Fala.	<b>7</b> 2006 As afrogalegas de Batulo Tabanica, nexo entre dúas culturas.	<b>8</b> 1898 Nace Teresa Neumann, mística alemá.
<b>9</b> 1972 Nace Margalida Fullana Riera, en Mallorca. Campioa do mundo de mountain bike.	<b>10</b> 1934 Morre Cecilia Grierson, primeira médica arxentina, hixienista e educadora.	<b>11</b> 1991 Morre Syria Poletto, novelista, contadora e autora de libros infantís.	<b>12</b> 1933 Nace Montserrat Caballé, soprano catalá.	<b>13</b> 1867 Nace en Palma de Mallorca Pilar Montaner e Maturana. Pintora.	<b>14</b> 1986 Morre Simone de Beauvoir, feminista, escritora e filósofa, autora de "O Segundo Sexo".	<b>15</b> 1764 Morre en Versalles a marquesa de Pompadour, mecenas da arte.
<b>16</b> 1989 Lidia Senra é eleixida Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego.	<b>17</b> 2004 Mª Teresa Fernández de la Vega, 1ª muller Vicepresidenta do Goberno do Estado Español	<b>18</b> 1480 Nace en Roma a mecenas Lucrecia Borgia.	<b>19</b> 1923 Nace Antía Cal. Funda o centro Rosalía de Castro, vangarda da renovación pedagóxica.	<b>20</b> 1982 Masacre de mulleres labregas en "El Petén", Guatemala.	<b>21</b> 1310 Foi queimada viva Margarita Foret, mística e escritora francesa.	<b>22</b> 1904 Nace María Zambrano, filósofa e poeta. Premio Príncipe de Asturias.
<b>23</b> "Escolle ben: un libro sexista, non ten calidade" Instituto da Muller.	<b>24</b> 1953 Descóbrese a estrutura do ADN. Ignóranse as aportacións de Rosalind Franklin.	<b>25</b> 1974 As mulleres portuguesas que coa súa rebelión acabaron coa ditadura salazarista.	<b>26</b> A Mª Xosé Agra, Victoria Sendón, Ana Miguel, Rosa Cobo, A. Puleo... filósofas feministas.	<b>27</b> 1947 Nace a cantante María del Mar Bonet, Representante da Nova Canção.	<b>28</b> 2006 Pasamento de M. José Urruzola, fundadora do Partido Feminista e a Revista Lambroa.	<b>29</b> 1936 Nace Alejandra Pizarnik, figura representativa da poesía de fala hispana.
<b>30</b> 1977 Nace "Madres de la Plaza de Mayo" en plena ditadura Arxentina.						

Tempo de mulleres, Mulleres no tempo 2012

